

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Secretaría

Anuncio de aprobación da convocatoria e bases do proceso selectivo de 8 peóns de medio ambiente con cargo ao PEL Concellos Reactiva 2021 da Deputación da Coruña

Anuncio de aprobación da convocatoria e bases do proceso selectivo de 8 peóns de medio ambiente con cargo ao PEL Concellos Reactiva 2021 da Deputación da Coruña

Con data do 12/03/2021 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 109/2021 que é do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE OITO (8) PEÓNS DE MEDIO AMBIENTE (PROGRAMA PEL 2021) E CONVOCATORIA DO CORRESPONDENTE PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

No Boletín Oficial da Provincia n.º 210, do 09/12/2020, publicáronse as Bases do Programa PEL CONCELLOS REACTIVA 2021, de integración laboral mediante a contratación de persoal en risco de exclusión para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2021, liña 1.1 do Plan de Emprego Local 2021.

No BOP núm. 220, do 22/12/2020, publicouse a Resolución núm. 2020/42100, de data de 18/12/2020, pola que se avoca a competencia para modificar as bases reguladoras do programa PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021.

No BOP núm. 223, do 31/12/2020, publicouse un extracto da Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña núm. 2020/42549, do 23/12/2020, polo que se modifica a resolución núm. 2020/41316, de data 16/12/2020, pola que se aproba a convocatoria do programa de integración laboral mediante a execución de obra e servizos mínimos municipais PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021.

Por Decreto da Alcaldía do 19.01.2021 n.º 12/2021 resolveuse “Adherirse ao Programa de Integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais da Deputación da Coruña anualidade 2021, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas”.

Por Resolución de Presidencia da Deputación Provincial da Coruña n.º 2021/4566, do 10/02/2021, que foi publicado no BOP núm. 29 do 12/02/2021, apróbese a concesión definitiva de subvencións correspondentes á convocatoria do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2021 (PEL-CONCELLOS). De acordo coa Resolución anterior concédese ao Concello de Malpica de Bergantiños un importe máximo de subvención de 74.000 €.

Logo de ver a providencia desta alcaldía do 25/02/2021, o informe da interventora municipal do 05/03/2021 relativo á existencia de crédito e o informe de secretaría do 07/03/2021.

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

RESOLVO:

Primeiro.–Aprobar as Bases para a provisión, como persoal en réxime laboral temporal de 8 peóns de medio ambiente dentro do programa PEL 2021 para o Concello de Malpica de Bergantiños que a continuación se transcriben:

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL (CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS FINANCIADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2021), MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE OITO (8) PEÓNS DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

BASES

PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a selección e posterior contratación de OITO (8) traballadores desempregados/as, coa categoría laboral de PEÓN DE MEDIO AMBIENTE, grupo de cotización á seguridade social 10, para a súa contratación laboral temporal baixo a modalidade contractual de duración determinada a tempo parcial (25 horas semanais), por un período de SETE (7) MESES, para a realización de tarefas vinculadas ao Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2021 financiados pola Deputación Provincial da Coruña (BOP n.º 220, do 23/12/2020).

As persoas a contratar neste programa de acordo co establecido nas Bases do Plan de Integración Laboral da Deputación da Coruña (BOP n.º 220, do 23/12/2020) deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Parados de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental.
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar.

Para acreditar estas situacións anteriores, de acordo co disposto na Base 8.^a das Bases do PEL 2021 (BOP n.º 220, do 23/12/2020) relativa a documentación acreditativa do persoal a contratar:

- Todos deberán acreditar que son demandantes de emprego coas tarxetas ou informes acreditativos debidamente actualizados.

Respecto da documentación acreditativa da situación de exclusión de cada persoa traballadora:

Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia do DNI
Persoas desempregadas de longa duración (2 anos como demandante de emprego)	Informe de vida laboral actualizado e certificado de períodos de inscrición da Oficina de Emprego (2 anos en desemprego)
Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%	Fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar en que ningún dos seus membros teña emprego, fogar monoparental ou persoas sen fogar; vítimas da violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais.

SEGUNDA.-MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓNS.

MODALIDADE DE CONTRATO DE TRABALLO.–Contrato de duración determinada a tempo parcial (25 horas semanais) por obra ou servizo determinado.

XORNADA: 25 horas semanais (62,5% xornada, comparándoa coa xornada dun traballador/a a tempo completo), cos descansos que establece a Lei.

DURACIÓN: SETE (7) MESES dende a sinatura do contrato, debendo de rematar en todo caso o 31/12/2021.

RETRIBUCIÓNS.—As retribucións desglósanse do seguinte xeito:

– Salario base mensual:	593,75 €
– Rateo paga extra:	98,96 €
TOTAL MES:	692,71 €

TERCEIRA.—CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

1.—Para ser admitidos ás probas selectivas de acceso ás devanditas prazas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser cidadán español sen prexuízo do establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, e na L.O. 4/2000, do 11 de xaneiro.

b) As persoas a contratar neste programa deberán cumprir co establecido nas Bases do Plan de Integración Laboral da Deputación da Coruña 2021 (BOP n.º 220, do 23/12/2020).

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opte.

A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas discapacitadas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas agás nos casos en que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza á que se opte.

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

e) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstos na lexislación vixente.

f) Estar inscrito como demandante de emprego nas Oficinas do Servizo Galego de Colocación. As persoas que se acollan ao apartado de parados de longa duración deberán acreditar esta circunstancia coa certificación de máis de dous anos en desemprego expedida polo Servizo Galego de Colocación.

O resto de candidatos no momento de presentación de instancias poderá acreditar coa tarxeta de demandante actualizada e en vigor ou certificado expedido polo Servizo Galego de Colocación da condición de desempregado.

2.—Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.—Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.—As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ó modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Malpica de Bergantiños no prazo de 7 días naturais, contados dende o seguinte ó da publicación da convocatoria da respectiva praza no Boletín Oficial da Provincia.

As bases tamén se publicarán no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, da sede electrónica municipal: <https://sede.malpicadebergantinos.es> e a efectos meramente informativos tamén se poderán publicar na páxina web municipal (www.concellomalpica.com)

As instancias tamén se poderán presentar nas formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non obstante, nos casos establecidos nos artigos 16.4 da lei anterior, apartados b) c) d) e e), deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc.), que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

2.—Á instancia unirase inescusablemente:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade.

b) Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais ou copia do xustificante de ingreso na conta municipal designada de seguido, cos datos persoais do/a aspirante e praza á que opta (n.º de conta para abono bancario IBAN ES36 2080 0030 9631 1000 0041 de ABANCA).

c) Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada e en vigor ou certificado expedido polo Servizo Galego de Colocación da condición de desempregado/a. As persoas que se acollan ao apartado de parados de longa duración deberán acreditar esta circunstancia coa certificación de máis de dous anos en desemprego expedida polo Servizo Galego de Colocación.

d) As persoas con discapacidade en grado igual ou superior ao 33% deberán acreditarlo con certificado expedido polo organismo correspondente do Estado ou da Comunidade Autónoma.

e) As persoas que se acollan ao apartado de persoas desfavorecidas (drogodependencias, fogares onde ninguén teña emprego, persoas con fogar monoparental, persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socio-culturais, persoas vítimas da violencia de xénero e persoas sen fogar), deberán acreditarlo achegando informe dos Servizos Sociais Municipais.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante. Os dereitos de exame establécense en 6 €, e so serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é unicamente a aqueles aspirantes que resulten excluídos na listaxe definitiva.

3.–Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición de interesado.

4.–Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

QUINTA.–ADMISIÓN DE CANDIDATOS.

1.–Rematado o prazo de presentación de instancias o alcalde-presidente do Concello ou concelleiro en quen delegue ditará resolución, aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro electrónico do Concello de Malpica de Bergantiños e a título meramente informativo tamén se poderá publicar na páxina web do Concello de Malpica de Bergantiños (www.concellomalpica.com).

2.–Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partires do seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, da sede electrónica municipal: <https://sede.malpicadebergantinos.es> e a efectos meramente informativos tamén se poderán publicar na páxina web municipal (www.concellomalpica.com), para subsanar los defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

3.–Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como contra aquelas outras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos que teñan lugar en dereito.

4.–Na mesma resolución o alcalde-presidente ou Concelleiro en quen delegue determinará a data de reunión do Tribunal cualificador, que será igualmente publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, da sede electrónica municipal: <https://sede.malpicadebergantinos.es> e a efectos meramente informativos tamén se poderán publicar na páxina web municipal (www.concellomalpica.com),

SEXTA.–TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.–O Tribunal Cualificador estará composto por los seguintes membros titulares ou suplentes que poderán intervir indistintamente:

- Presidente: funcionario con titulación igual ou superior á praza convocada.
- Secretario: a titular da Corporación ou funcionario en quen delegue (que actuará con voz pero sen voto).
- 3 vogais designados pola Alcaldía.

A composición definitiva do Tribunal farase pública no momento de aprobar a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

2.–Os membros do Tribunal absteranse de intervir e comunicaranllo á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

3.–Asemade, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal de acordo co disposto no artigo 24 da lei anterior.

4.–O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de alomenos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

5.–O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

6.–O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

7.–Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

8.–A Alcaldía-Presidencia resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

SÉTIMA.–PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

FASE DE CONCURSO:

De acordo co previsto na Base 7.^a do PEL 2021 (BOP n.º 220, do 23/12/2020), Obrigas e compromisos: “No proceso selectivo, valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas. A tal fin terá que aplicar o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social, á que fai referencia no apartado 2.1 destas bases”.

Por ter rematado con aproveitamento e asistencia ESCOLAS OBRADOIRO, OBRADOIROS DE EMPREGO, CASAS DE OFICIOS, relativos ao MEDIO AMBIENTE cunha duración superior a 300 horas..... 1 punto.

Por ter rematado PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO, relativos ao MEDIO AMBIENTE cunha duración superior a 100 horas..... 0,5 punto.

Por ASISTENCIA A CURSOS DE FORMACIÓN:

Cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver (PEÓN DE MEDIO AMBIENTE) impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por ela (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados co MEDIO AMBIENTE e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente con esta convocatoria.

De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.

De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.

De máis de 40 horas: 0,50 horas por curso

Os cursos onde non figure expresamente o número de horas, valorarase con 0,05 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar na fase de concurso non poderá superar os 2 puntos.

FASE DE OPOSICIÓN:

Exercicio obrigatorio e eliminatorio

Consistirá na realización dunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acorde coa praza (por exemplo a título meramente orientativo: manexo dunha desbrozadora manual ou outras relacionadas coa praza de peón de medio ambiente, a determinar polo tribunal inmediatamente antes do comezo da súa realización), debendo ser executados no tempo e forma que o Tribunal determine. Nesta proba práctica se valorará a calidade e rapidez da execución das tarefas así como aquelas outras que determine o tribunal, adoptándose por parte do Tribunal as oportunas medidas de cara a garantir a obxectividade e imparcialidade do procedemento.

A proba terá unha duración de entre 5 a 15 minutos.

A fase de oposición puntuarase ata un máximo de 10,00 puntos.

A puntuación total será como máximo de 12 puntos.

No caso de que os aspirantes non se presenten á proba práctica quedarán excluídos do presente proceso de selección, salvo causas de forza maior xustificada que sexan apreciadas polo Tribunal, que no seu caso poderá excepcionalmente habilitar outro día para a realización da proba a este aspirante.

OITAVA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes (a puntuación final do proceso será a resultante de sumar ás puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición) o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faraa pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, da sede electrónica municipal: <https://sede.malpicadebergantinos.es> e a efectos meramente informativos tamén se poderán publicar na páxina web municipal (www.concellomalpica.com),

En caso de empate, atenderase a mellor nota obtida na proba práctica, e de persistir o empate, o tribunal acordará a realización dunha entrevista que poderá versar sobre: Coñecementos en materia de prevención de riscos laborais; equipos de protección individual; competencias municipais en materia de medio ambiente; podas, desbroces, utilización de maquinaria e ferramantas (motoserra, cortasebes, cortacéspedes,...); coñecemento do termo municipal de Malpica (parroquias, núcleos, rede viaria). Esta proba será igual para cada aspirante afectado ou quendas de aspirantes (de utilizarse este sistema polo Tribunal).

A citada entrevista puntuarase ata un máximo de 1,5 puntos. En caso de seguir persistindo o empate o tribunal poderá optar entre facer unha nova entrevista persoal curricular similar á anterior que se valorará cun máximo de 1,5 puntos ou sorteo público ante a secretaria xeral do Concello ou funcionario que a substitúa.

2.-De acordo coa relación, elevarase ó Sr. alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de designación dos aspirantes aprobados.

3.-Na acta da sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademais a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral da persoa seleccionada, como reserva (sempre respectando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, nestes postos de traballo.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

NOVENA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-Os aspirantes propostos presentarán na Secretaría do Concello, no prazo de 2 días hábiles, contados a partir da publicación da relación de aprobados, os documentos seguintes:

- a) Fotocopia compulsada polo secretario/a do Concello do Documento Nacional de Identidade.
- b) Certificado expedido polo Servizo Galego de Colocación da condición de desempleado/a ou tarxeta acreditativa da condición de desempleado actualizada e en vigor.
- c) O Concello de Malpica de Bergantiños antes de proceder á formalización do contrato requirirá aos candidatos propostos a realización dun recoñecemento médico que valore a aptitude para traballar e avalíe a capacidade psicofísica para a realización do traballo sen risco para a saúde do traballador/a.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas (Anexo II)
- d) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente (Anexo II)
- e) Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre da materia (Anexo II).
- f) Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo organismo competente.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

DÉCIMA.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.-Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr. alcalde procederá á designación dos aspirantes seleccionados e procederá á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.-Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

UNDÉCIMA.-INCIDENCIAS.

1.-A aprobación das bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recorridos polos interesados nos casos e do xeito establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, e o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, Lei 7/2007, do 12 de abril, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público e a normativa laboral de aplicación. Tamén son de aplicación, por ser subvencionadas pola Deputación Provincial o Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2021 financiados pola Deputación Provincial da Coruña (BOP n.º 220, do 23/12/2020)

ANEXO I

1.-POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA: PEÓN DE MEDIO AMBIENTE		
2.-CONVOCATORIA: PEÓN DE MEDIO AMBIENTE PEL CONCELLOS 2021		
3.-DATOS PERSOAIS		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DATA NACEMENTO	LUGAR NACEMENTO	PROVINCIA NACEMENTO
DNI	DOMICILIO	TELÉFONO
MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
5.-DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA: Fotocopia do DNI Documento acreditativo do pagamento das Taxas (6 €) Taxeta de demandante de emprego actualizada ou certificado acreditativo da condición de desempleado emitido polo Servizo Galego de Colocación. Méritos (capacitación, formación e integración laboral): Documentación acreditativa da situación que alegue (se é o caso) Informe dos Servizos Sociais (se é o caso) 6.-A CUBRIR POR PERSOAS CON MINUSVALÍA Certificado de minusvalía (igual ou superior ao 33%)		

O abaixo asinante solicita ser admitido/a á oposición a que se refire a presente instancia e declara que son certos os datos obrantes nela, e que reúne as condicións esixidas nas bases da devandita convocatoria que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

En ..., a ... de ... de 2021.

(sinatura do interesado)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

ANEXO II

(só a presentar polas persoas seleccionadas)

Modelo declaración xurada:

D./dona _____ (nome e apelidos), con D.N.I. _____, e con domicilio a efectos de notificación en _____, tendo sido seleccionado no procedemento convocado polo Concello de Malpica de Bergantiños para a provisión de OITO (8) prazas de PEÓN DE MEDIO AMBIENTE en réxime laboral temporal correspondente ao ano 2021, pola presente formulo declaración xurada de:

- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das función públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

O que asino en _____, a ____ de _____ 2021.

(O interesado)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Segundo.–Convocar o proceso de selección de persoal citado nestas bases mediante a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de presentación de instancias é de 7 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Tamén se publicaran as bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, da sede electrónica municipal: <https://sede.malpicadebergantinos.es> e a efectos meramente informativos tamén se poderán publicar na páxina web municipal (www.concellomalpica.com).

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. Walter Pardo Añón, do que eu, Antía Pena Dorado, como secretaria en acumulación, e aos únicos efectos de fe pública (RD 128/2018, do 16 de marzo) dou fe”.

Malpica de Bergantiños, 12 de marzo de 2021.

Asinado

O alcalde

Walter Pardo Añón

2021/2164